



Eixos de Acción

Ideas e formas de actuación



Anxo López Rodríguez

Candidatura Claustro UVigo 2026 – Estudantado (ESEI)

Introdución

A ESEI atravesa actualmente un preocupante baleiro na súa representación estudantil ante o Claustro. Esta falta de presenza e actividade é a causa directa de que moitas das demandas e queixas que xorden no noso centro non se tramiten axeitadamente ou fiquen no esquecemento por falta de apoio institucional. Sen unha voz forte e directa nos órganos de decisión, as nosas iniciativas quedan silenciadas e as solucións que necesitamos nunca chegan a materializarse.

Esta desconexión esténdese ao conxunto do Campus de Ourense onde, malia o incremento do número de representantes en moitas facultades, a falta de coordinación e colaboración deriva en actuacións paralelas. Esta desorde organizativa baleira de dinamismo a vida universitaria e impide que as boas ideas cheguen a bo porto, perdéndose nunha rede de esforzos illados sen un obxectivo común.

Por último, dende o Consello de Estudantes non se percibe unha reivindicación activa dos nosos dereitos. Cómpre unha acción máis transparente e efectiva. Un consello que sexa recoñecido polos estudantes, que teña renome e peso institucional, e que actúe como un verdadeiro motor de cambio en lugar de ser un simple órgano pasivo.

Entendo a universidade como un sistema onde todos somos pezas necesarias. Os eixes que presento son a miña aposta persoal para mellorar a UVigo dende o Claustro e Consello de Estudantes, buscando garantir dereitos básicos e esixir unha xestión real. Por suposto, o avance depende da implicación de todos: eu marco este camiño, pero a maquinaria só se activará se somos capaces de actuar en común por un obxectivo que nos beneficie a todos.



Eixo 1. Educación pública, accesible, galega e de calidade


Promoveranse accións constantes para asegurar unha educación pública accesible para todo o estudantado, atendendo ás súas necesidades reais e evitando que aparezan trabas económicas ou de accesibilidade. A pesar de que a UVigo presenta taxas máis baixas ca outras universidades, segue habendo marxe para avanzar.

Así mesmo, defenderanse iniciativas que impulsen unha formación actualizada e conectada co mundo actual. A docencia só é efectiva cando ofrece contidos axeitados e útiles.

Por último, fomentaranse medidas que permitan unha normalización lingüística real. Fomentando a ensinanza en Galego e garantindo o seu dereito de uso



Eixo 2. Saúde mental e benestar



A vida universitaria pode xerar momentos difíciles, e moitas veces non hai apoio psicolóxico suficiente. É preciso crear máis espazos seguros e accesibles para atender estas situacións.

Reclámase unha maior presenza de profesionais da psicoloxía e a creación de obradoiros que axuden ao estudantado a xestionar estas experiencias.

No plano do benestar físico, tamén se pide unha mellora clara das instalacións deportivas do Campus de Ourense, hoxe en día en estado de abandono en comparación co resto de campus.

Eixo 3. Dereito asambleario

O estudantado da Universidade de Vigo conta hoxe con dereitos limitados e con certas restricións que non se dan noutras universidades da contorna, en gran parte pola falta de reivindicación colectiva.

Como primeiro paso, propónse un dereito a paro académico claro e accesible, en liña co que xa existe na Universidade de Santiago de Compostela, onde a normativa resulta máis flexible e realista.


Tamén se impulsará a creación dun censo de sindicatos que permita exercer o dereito a reunión e paro dun modo máis directo, evitando trámites excesivos e facilitando a participación activa.

Por último, loitarase por continuar a proposta existente de creación do CEUGAL, o Consello do Estudantado Universitario Galego, para tras tanto tempo de espera, ter representación real na Xunta de Galicia.



Eixo 4. Diversidade, integración e igualdade

Por outra banda, impulsarase de maneira continua a creación dun entorno que respecte e coide a diversidade dentro da comunidade universitaria. Atenderanse as distintas realidades do estudantado LGTBIQ+, así como as identidades de xénero e culturais, cun compromiso claro para facer da universidade un lugar seguro para todas as persoas. Isto supón garantir non só o recoñecemento formal dos seus dereitos, senón tamén a súa aplicación cotiá, evitando que ningunha persoa vexa limitada a súa participación ou benestar pola súa identidade, orientación ou expresión.



Ademais, promoveranse accións que permitan avanzar cara unha igualdade real entre homes e mulleres, tanto na vida estudantil como na súa presenza e representación en todos os espazos da universidade, recalcando naqueles onde aínda persisten maiores desigualdades.

Eixo 5. Dixitalización

As plataformas da UVigo amosan fallos constantes que dificultan o día a día. Proponse empregar ferramentas libres ou creadas internamente para reducir custos, mellorar o control e minimizar problemas.

A verdadeira dixitalización require que toda a comunidade poida usalas sen barreiras, polo que se demandarán sistemas sinxelos e formación clara.

A seguridade é clave. Reclámase a adopción de medidas efectivas para evitar situacións como a recente vaga de mensaxes fraudulentas.



Eixo 6. Unha UVigo viva e comunicada

Un campus é unha comunidade que precisa manterse unida e en contacto. Procuraranse accións que reforcen esta relación, hoxe moi feble. A creación de eventos, xornadas ou celebracións pode axudar a recuperar ese vínculo.



As instalacións non son menos para unha comunidade. Polo tanto, promoverase o acondicionamento de espazos para o estudantado, e melloras en servizos coma por exemplo a Biblioteca Universitaria, reclamando recursos para un maior horario de apertura entre outros.



Tamén é clave mellorar a comunicación. Cómpre facilitar o acceso á información, evitar que quede separada por campus e facer que chegue de maneira clara. Non serve de nada coñecer actividades doutro campus se non sabemos o que ocorre no noso.

E, sobre todo, unha comunidade fórmala todas as persoas. É esencial coidarnos, apoiar o que precisa axuda e colaborar sempre que se poida. Non vai de quen está arriba ou abaixo, senón de construír algo mellor para todxs.

Anxo López Rodríguez

Candidatura Claustro UVigo 2026 – Estudiantado (ESEI)